

Propostas para a integración da orientación profesional nas concrecións curriculares dos proxectos educativos de centro

Ámbito lingüístico

- ✓ Descrición, argumentación, debates, etc. sobre traballo en xeral, un posto de traballo, acceso ao mesmo, perfil, méritos, etc.
- ✓ Redacción de impresos, solicitudes cartas de presentación, currículos utilizados no mundo laboral.
- ✓ Estudo das características formais e linguaxe de documentos (contratos, ordenanzas laborais, estatutos do traballador, dereitos e deberes no traballo).
- ✓ Utilización de recursos técnicos para elaborar estes documentos de estudo e traballo (teléfono, fax, ordenador, etc.).
- ✓ A linguaxe cara a cara: entrevistas de traballo.
- ✓ Aplicación de regras e recursos ortográficos e lingüísticos en xeral en documentos académicos e laborais.
- ✓ O mundo laboral nos medios de comunicación: empresas editoriais, anuncios, conflitos, ofertas de traballo, etc.
- ✓ Profesións relacionadas cos medios de comunicación.
- ✓ Estudos relacionados con esta área: literatura, xornalismo, ensino...
- ✓ Valoración das linguas estranxeiras á hora de realizar estudos, formación e reciclaxe profesional.
- ✓ Posibilidades laborais que implica o coñecemento de idiomas.
- ✓ Bolsas e axudas para o estudo e formación noutros países de fala diferente.
- ✓ O traballo nos organismos internacionais.
- ✓ Intercambio con alumnos doutros países da información sobre estes aspectos.
- ✓ O sistema académico e laboral doutros países en comparación co propio.
- ✓ Estudos e profesións con posibilidades de inserción laboral relacionados co estudo de linguas estranxeiras.

Ámbito científico-tecnolóxico

- ✓ A importancia deste ámbito na vida social e laboral.
- ✓ A relevancia no estudo doutros campos do coñecemento: Ciencias Experimentais, Ciencias Sociais...
- ✓ Tratamento, interpretación e representación de datos académicos e profesionais (notas medias, gráficas, porcentaxes,...).
- ✓ Análise crítica de datos e publicacións estatísticas sobre datos académicos ou laborais (selectividade, notas de corte, índices de paro, sectores laborais...).
- ✓ Tratamento estatístico e gráfico sobre datos académicos ou laborais do propio contorno, comunidade estudos comparativos entre países, etc.
- ✓ As Matemáticas como base para a realización de multitude de estudos e formación.
- ✓ Traballo, carreiras e posibilidades laborais relacionados co estudo deste ámbito: ensino, ciencias experimentais, informática, telecomunicacións, etc
- ✓ O traballo científico: a súa repercusión na vida (ecosistemas, avances tecnolóxicos, contaminación, enfermidades profesionais)

- ✓ Aspectos relevantes: industria, enerxía, ciclos naturais, problemas ambientais, saúde e produción, alimentación e saúde, enerxías alternativas, responsabilidade e constancia no traballo, etc.
- ✓ A importancia das TIC na sociedade da comunicación e do coñecemento. Posibilidades laborais que implica o coñecemento das mesmas.

Ámbito social

- ✓ A solidariedade no traballo e a igualdade de oportunidades.
- ✓ O traballo social.
- ✓ Ética e responsabilidades no traballo.
- ✓ Poboación, traballo e paro.
- ✓ Sectores de traballo: primario, secundario e servizos.
- ✓ O traballo no propio contorno: posibilidades de formación, inserción laboral e a súa problemática.
- ✓ Traballo e tempo libre.
- ✓ Evolución do traballo e a constante reciclaxe no mundo laboral.
- ✓ Conceptos básicos da economía e do mercado de traballo: emprego público e privado, emprego precario, traballo oculto, contratos temporais, paro, patronal, sindicatos, reconversión, folga....
- ✓ Organizacións locais, autonómicas, nacionais internacionais e a súa repercusión no campo profesional.
- ✓ Estudos humanísticos e sociais: centros, facultades, titulacións, saídas profesionais...

* * *